



Anuncio polo que se procede a dar publicidade á resolución da Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, pola que se anuncian os prazos da convocatoria automática prevista para a selección temporal nas categorías de médicos de familia, médicos de urxencias hospitalarias, pediatras, matronas, persoal de enfermaría (ATS/DUE) e cociñeiros nas institucións sanitarias do Sergas, e (DUE) no ámbito da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

A citada convocatoria automática para presentación de solicitudes á selección temporal no SERGAS nas categorías de médicos de familia, pediatras, matronas, persoal de enfermaría (ATS/DUE) e cociñeiros está prevista na norma xeral 6.3.1. do Pacto de selección temporal publicado no Diario Oficial de Galicia nº 104 de 1 de xuño de 2004, a categoría de médico de urxencias hospitalarias na Resolución da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional de data 26 de abril de 2006 (DOG nº 90 de 11 de maio), e (DUE) no ámbito da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 na Resolución do 24 de marzo de 2010, da Dirección de Recursos Humanos (DOG nº 77 de 26 de abril).

O prazo para achegamento de solicitudes está fixado dende o día 1 ata o día 15 de xullo do 2010, ámbolos dous inclusive.


Os modelos normalizados de solicitude estarán a disposición dos interesados nas Direccións Provinciais do Sergas e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Vigo, 28 de xuño de 2010

O director provincial

(Acordo de 31 de xullo de 2009)

A secretaria provincial



Asdo. Ana M^a Rodríguez Senra

